



REFRANES, PROVERBIOS Y DECIRES GALLEGOS,

RECOGIDOS

POR EL QUE FIRMA Y NO CONTENIDOS EN LA GRAMÁTICA DEL
SEÑOR SACO-ARCE

*«Los refranes son la filosofía
del buen sentido.»*

MONLAU.

A

- A alforja d' o póbre con todo póde.
- A auga de correr e a gente de falar non se póde privar.
- A auga todo lava, senon a mala fada.
- A baraja é o libro d' os jogadores.
- Á besta golosa, taleiga d' area.
- A bondá destrói á autoridá.
- A cabra tira ó monte.
- A caste d' a hórta sal d' a corte po-l-a pórtá.
- Á confesion de tambor, ausolucion de pito.
- Achaque quér a mórte e non sabe de que sóрте.
- A dama ó desdén ó galan parece bén.
- A deuda e o labor sémpre véñen ó pior.
- A galiña po-l-o bico pón.
- A ganancia vai n' a compra.

- A gando bravo, córda larga.
 Agrade o cócho e non se repare n' o cocho.
 Aguaciles e escribanos nunca de comer están fartos.
 A jogueta e a bebedéla botan as casas por terra.
 Algo tén a auga, cando a bendicen.
 Altas, ou baixas, en Abril son as Páscaus.
 Ama á tua mullér, se qués paz n' a casa ter.
 A mal dar, tomar tabaco.
 A mentir lógo un deprénde.
 A mentira d' algo é filla.
 Amigo que non dá e coitelo que non corta, que se perda pouco impórta.
 Amigos, de lonxe, e contas, de préto.
 Amigos de tabérna, amigos de m....
 Amigo, un; enemigo ningun.
 Amiguiño, sí; pró o pórcu po-l-o que vale.
 Amiguiños seámos e de nóso teñámos.
 A moita manualidá é causa de menosprecio.
 A móita terra dá duas cheas, unha de traballo, outra de miséria.
 A mordedura d' o can e' os pelos se cura (quemando éstos y aplicando su ceniza á la mordedura.)
 A mullér e a cabra, a pata quebrada.
 A mullér e a ovella, con día n' a cortella.
 A mullér é a priméira léira que o labrador casado ve po-l-a mañán.
 Á mullér e o hóme honrado, po-l-o camiño d' o carro.
 Á mullér qu' en alto fía, o fuso lle cai e o cu ll' asubía.
 A muller que mói ruin sea, duas tundas; unha, pra que Dios veña á ve-l-a; outra, pra qu' á ver á Dios vaya éla.
 A mullér que non tén hóme n' o regazo cóme.
 Anada á carreira non se pilla.
 Anadiña pouca, anadiña móita, vai chegando unha á outra.
 Animal de pico nunca ó hóme fixo rico.
 Ano d' ameijas, ano de queixas.
 Ano de laceira, en cada esquina unha panadeira.
 Ano de landras, ano de grasas.
 Ano de nóces, ano de vóces.
 Anque a sardiña está n' o plato, n' é por falta de gato.
 Anque son saco, teño baraza.
 ansias alleas matan ós asnos.
 Antes sudar que tembrar.
 A nugalla nin cóme pan, nin dórme n'a palla, nin viste camisa lavada.

A pórcia de mayo vale máis n'o principio que n'o cabo.
A quén hás de dá-l-a cea, non négue-l-a merenda.
A quén nada tiña e herdou, bóa castaña l'estalou.
A que seus fillos cría boa tea fia.
A rapaciño mentireiro non perdone-l-as azoutas.
A razon non quer forza.
Á Roma por cénto, á Roma por cént'e un.
Arreiro d'unha besta, cesteiro d'unha cesta e pescador de cana, máis perden d'o que ganan.
As cerdeiras e os ladrós, anque se prendan, non son bos.
Asegun me tócan, bailo.
As enfermidades entran por libras e saén por adarmes.
As móitas paradas fan os días pequenos.
A soberbia está n'os póbres e n'os ricos a avaricia.
A sórte d'o póbres é andar á pedir.
Auga corrente non mata á gente.
Auga de tronada, n'uns sitios, móita, n'outros, nada.
Auga d'outono mata á seu dono.
A véllês véñen todas.
Ave que se muda en cada sitio deixa unha pluma.
A vida d' os vagamundos é unha vida real; de mozos, po-l-as tabérmes; de véllôs, n' o hospital.

MARCIAL VALLADARES.

(Continuará).

